

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA E A ASOCIACIÓN PROTECTORA DE ANIMAIS DE VILAGARCÍA DE AROUSA, PARA O USO DA INSTALACIÓN DENOMINADA REFUXIO DE ANIMAIS DOMÉSTICOS DE PINAR DO REI (CANCEIRA) E PARA A APLICACIÓN DO PROTOCOLO CES NAS COLONIAS FELINAS EXISTENTES NO TERMO MUNICIPAL DE VILAGARCÍA DE AROUSA



REUNIDOS:

Dunha parte, **Alberto Varela Paz**, con documento de identidade nº 35 461 107 Y, Alcalde do Concello de Vilagarcía de Arousa, actuando no seu nome e representación, e


Doutra, **M^a de los Ángeles Cifuentes Maneiro**, con documento de identidade nº 35 458 834 X, na súa condición de presidenta da Asociación protectora de animais de Vilagarcía, con CIF G 36 252 351

Ámbalas dúas partes se recoñecen mutuamente a capacidade xurídica necesaria para a formalización do presente Convenio e de común acordo,

EXPOÑEN:

Primeiro: NORMATIVA XERAL DE APLICACIÓN:

Por un lado aplícase a lexislación autonómica, Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o Decreto 11/ 2009, do 9 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007. Por outro lado a lexislación estatal nos seus preceptos básicos regulado na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento que desenvolve a Lei 38/2003.



Segundo: NORMATIVA ESPECIFICA

Tanto a lexislación estatal como, sobre todo, a autonómica que regulan os animais de compañía outorgan un papel fundamental á Administración local na súa execución e posta en práctica. A propia Lei reguladora de bases de réxime local contén títulos competenciais propios que indirectamente habilitan a municipios a intervir neste ámbito (medio ambiente, salubridade pública, servizos de limpeza viaria e recollida de residuos).

No ámbito da lexislación autonómica a Lei 4/2017, do 3 de outubro, de protección e benestar dos animais de compañía en Galicia, regula a protección e defensa dos animais que viven no contorno humano co obxectivo fundamental de lles dar amparo e salvagarda mediante a regulación das mínimas atencións hixiénico-sanitarias que debían recibir, así como das obrigas das súas persoas posuidoras, **dos centros de recollida**, dos albergues ou das instalacións para o seu mantemento temporal, co fin de garantir uns mínimos de bo trato animal.

O artigo 6 da mencionada Lei 4/2017 atribúe ás persoas titulares das alcaldías dos concellos de Galicia a responsabilidade superior na defensa e protección dos animais incluídos no ámbito de aplicación desta lei en cadanseu termo municipal e o artigo 22 establece que os concellos recollerán os animais domésticos vagabundos e extraviados que deambulen polo seu termo municipal e albergaranos en centros de recollida de animais abandonados inscritos no Rexistro galego de núcleos zoolóxicos.

Terceiro: No lugar de Pinar do Rei sitúase nas dependencias do refuxio de animais cuxo titular é o Concello de Vilagarcía de Arousa.

Cuarto: A devandita instalación inclúe edificacións destinadas ao coidado dos animais, almacéns, oficinas e outros edificios destinados aos servizos necesarios, as casetas onde se asentarán os animais, así como a instalación de saneamento, fontanería, calefacción, ACS, electricidade e contraincendios necesarias para desenvolver a actividade.

Quinta: O solicitante manifesta non estar en ningunha das situacións que establece o artigo 13.2 da Lei 38/2003 xeral de subvencións e o artigo 10.2 da Lei 9/2017 de subvencións de

Benigno Silveira



Galicia, que imposibilitan a obtención da condición de beneficiario, estando ao corrente nas súas obrigas tributarias coa Axencia tributaria, Seguridade social, Comunidade autónoma e Concello de Vilagarcía de Arousa.

CLAUSULAS:

Cláusula I- OBXECTO.

O obxecto do presente convenio é a colaboración entre a Asociación protectora de animais e o Concello de Vilagarcía de Arousa, para a xestión do refuxio de animais domésticos, situado en Pinar do Rei e para a aplicación do protocolo CES (captura, esterilización e solta) nas colonias felinas situadas no término municipal de Vilagarcía de Arousa.

Cláusula II- Cesión do refuxio de animais – Pinar do Rei (Canceira)

Dada a natureza non lucrativa da Asociación protectora de animais de Vilagarcía e que, da utilización privativa do refuxio de animais, non se desprende beneficio económico ningún, o concello de Vilagarcía de Arousa, cede a utilización do refuxio de animais de Pinar do Rei á citada asociación, polo prazo que se indica na cláusula cuarta.

Cláusula III- O concello de Vilagarcía de Arousa comprométese a:

- Asumir o custo das facturas periódicas de electricidade, das taxas de auga e saneamento, así como dos tributos que graven a instalación denominada refuxio de animais de Pinar de Rei.
- O outorgamento dunha axuda anual por importe de 30 000 € para facer fronte os gastos que supón a xestión de refuxio de animais e as demais obrigas establecidas neste convenio. Esta axuda é compatible coa percepción doutras axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados sen que en ningún caso o importe de todas estas axudas poda ser superior ao custo total dos gastos realizados.
- Contar cunha póliza de seguro da instalación (continente) e o pagamento da prima correspondente.



- A entregar os animais recollidos no termo municipal de Vilagarcía de Arousa por servizos municipais nas citadas instalacións.
- A retirar para o seu tratamento segundo a legalidade vixente, asumindo os custos correspondentes, aos cadáveres dos animais falecidos nas instalacións municipais.


Unha vez xustificado debidamente, nos termos da lexislación vixente, o cumprimento das obrigas establecidas no presente convenio e fiscalizado de conformidade, o Concello comprométese ao recoñecemento da obriga e pagamento da subvención

- Realizar a limpeza da rede de saneamento da edificación da canceira unha vez ao ano. Realizar o baleirado ou desatascamento da fosa séptica unha vez ao mes.
- Asumir a conservación e reparación das avarías producidas polo uso normal das instalacións.

A asociación protectora de animais de Vilagarcía comprométese a:

- Recibir os animais que sexan entregados polos servizos municipais en cumprimento das súas funcións e recollidos no termino municipal de Vilagarcía de Arousa.
- Recoller, logo de solicitude do Concello, animais de persoas propietarias, logo de xustificación por parte destas da imposibilidade da asunción das obrigas derivadas pola vixente lei de protección e benestar animal.
- A destinar a totalidade da cantidade recibido polo concello de Vilagarcía a sufragar os gastos orixinados pola xestión do refuxio de animais.
- Avanzar na aplicación do protocolo CES nas colonias felinas situadas no termo municipal de Vilagarcía de Arousa.


Con este obxectivo a Asociación protectora formará a un número de persoas encargadas do coidado e alimentación dos gatos, que actuarán en cada colonia e vixiarán o estado de saúde dos gatos. Unicamente estas persoas autorizadas, que deberán posuír dunha identificación expedida polo Concello, poderán alimentar a estes gatos.



Asociación Protectora de Animais de Vilagarcía de Arousa



Os gatos ferais pertencentes ás colonias alimentaranse con penso seco diariamente e disporán sempre de auga limpa e fresca. Acostumarase aos gatos a alimentarse no mesmo lugar e á mesma hora para facilitar a captura e a observación da colonia. Os recipientes de comida deben ter un deseño esteticamente aceptable e colocaranse, sempre que sexa posible, escondidos nas áreas de vexetación. Nunca se deixará o alimento no chan. Os restos de alimento deben limparse diariamente para evitar riscos sanitarios. En todo caso, debe cumprirse sempre a obriga de prever e evitar ensuciar a vía e os espazos públicos. Enténdese por ensuciar a vía e os espazos públicos o abandono de calquera tipo de residuo en calquera tipo de espazo público (inclúe todo tipo de residuos, tanto orgánicos como inorgánicos, sólidos ou líquidos e de calquera tamaño)



- Elaboración dun censo no prazo de seis meses dende a sinatura deste convenio das colonias felinas existentes no término municipal, que deberá manter actualizado anualmente e do que se lle dará traslado ao Concello unha vez ao ano ou cando este o solicite
- Xestionar baixo a súa responsabilidade a instalación, así como encargarse dos animais que en cada momento estean nesas dependencias (manutención, limpeza, coidados veterinarios, etc...) cumprindo en todo momento a lexislación vixente na materia e asumindo os custos que iso supón
- Facilitar ao Concello de Vilagarcía información periódica sobre a evolución das actividades realizadas
- Remitir con carácter semestral un informe co rexistro de animais que ingresan no refuxio, as adopcións, falecementos e número de animais acollidos nas dependencias obxecto deste convenio.
- Manter as instalacións, os equipos, os bens mobles e inmobles e, en xeral, todo o posto a disposición nesa instalación, en perfecto estado de limpeza, de conformidade co establecido na lexislación vixente na materia.
- Deberá contar con dous seguros, un que garanta suficientemente a responsabilidade civil na que poderá incorrer con motivo da súa actividade e outro que garanta o contido do inmovible, coa finalidade de estar debidamente asegurado.



Non recoller, salvo autorización escrito do Concello de Vilagarcía, animais abandonados procedentes doutros Concellos agás os procedentes doutras asociacións e que teñan como destino a adopción internacional. Neste último caso non poderán permanecer na Canceira un tempo superior a 15 días.

Non poderán realizarse obras de ningún tipo, sen a previa e expresa autorización do Concello de Vilagarcía de Arousa.

Cláusula IV- Duración

O presente convenio terá efectos dende o momento da súa sinatura, e terá unha duración de 4 anos, e unha vez vencido prorrogarase anualmente salvo denuncia expresa de calquera das partes.

Cláusula V- TRAMITACIÓN ELECTRÓNICA MEDIANTE PLATAFORMA DE SUBVENCIONS E REXISTRO ELECTRÓNICO NA SEDE DO CONCELLO:

A confección de toda a documentación realizarase a través da **Plataforma de xestión de subvencións** contratada por este concello, na dirección <https://vilagarcia.cluber.es> no que terán a súa disposición os **balances, a conta xustificativa e anexos dos modelos normalizados** e, na que obrigatoriamente deberán subir toda a documentación. Unha vez validada, **xerará un PDF final en formato oficial, que deberá ser asinado dixitalmente polo representante legal da entidade beneficiaria e, rexistrarse na sede electrónica do concello de Vilagarcía de Arousa.**

Cláusula VI- PAGAMENTO:

O pagamento íntegro da axuda anual será efectivo unha vez realizada a actividade subvencionada, logo da presentación da documentación xustificativa desta na sede electrónica do Concello de Vilagarcía (sede.vilagarcia.gal), segundo a Lei 39/2015 de procedemento administrativo común das administracións públicas. (VER DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR NA CLÁUSULA IX E NORMAS DE PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN NA CLÁUSULA IX)



Cláusula VIII- PRAZO XUSTIFICACIÓN:

A xustificación deberá presentarse o antes posible no Concello sempre e cando contén con documentación suficiente para xustificar a cantidade concedida (gasto recoñecido e efectivamente pagado realizado entre o 30 de outubro do exercicio inmediatamente anterior e o 30 de outubro do ano correspondente ao vixente exercicio). Non obstante a **data límite para a presentación da documentación xustificativa é o 30 de outubro de cada exercicio.**

Cláusula IX- DOCUMENTACIÓN PARA A XUSTIFICACIÓN:

A entidade deberá presentar no rexistro electrónico do Concello (sede.vilagarcia.gal) a seguinte documentación xustificativa:

1. Anexo I- Balance de ingresos e gastos previstos da actividade. Este documento deberá presentarse xunto co convenio asinado.
2. Memoria técnica do desenvolvemento das actividades da entidade a data da presentación da xustificación, asinada polo representante legal da entidade, cos seguintes puntos básicos:
 - Introducción/ Xustificación
 - Programación: actividades/servizos desenvolvidos
 - Temporalización
 - Recursos utilizados (humanos e materiais)
 - Avaliación e conclusións
3. Anexo II- Conta Xustificativa (ou tamén chamada memoria económica xustificativa) do custo, asinada polo representante legal da entidade, que conterá:
 - Importe dos gastos realizados e recollidos no Anexo III que deberá ser suficiente para xustificar a subvención nominativa do Concello.
 - Relación detalladas dos ingresos con que se financiou a actividade (incluíndo todas as subvencións públicas concedidas) con indicación do seu importe e procedencia.
 - Declaracións segundo os puntos b) ata f) da conta xustificativa.
4. Anexo III- relación de facturas/gastos para xustificar a subvención concedida polo Concello (deberase cubrir todas as columnas do anexo).






5. Facturas orixinais cos requisitos establecidos no R.D. 1619/2012, xustificativas do gasto subvencionado dende o 30 de outubro do exercicio inmediatamente anterior e o 30 de outubro do ano correspondente ao vixente exercicio.

a) Como mínimo conterán:

- nº de factura e indicación expresa de que se trata dunha factura, lugar e data de emisión.
- Denominación social, NIF e domicilio de quen expide a factura e do destinatario
- Descrición detallada (concepto, servizo..) e data de realización da operación.
- Importe, desagregado o IVE con indicación do tipo aplicable e total. Este desgagregación recollerase nos anexos III e IV.
- Recargos, descontos e retencións aplicables.

b) Ademais nas facturas, deberá acreditarse o seu pagamento da seguinte forma:

- Deberase utilizar con carácter xeral e preferentemente os medios de pago electrónicos (transferencia bancaria, tarxetas, talóns nominativos...etc)
- Cando a factura se págase mediante transferencia bancaria ou talón deberá achegarse extracto bancario coa dilixencia da entidade bancaria que xustifique a transferencia ou ingreso na conta do beneficiario.
- As operacións cun importe superior aos 1 000 € non poderán ser pagadas en efectivo, de acordo co previsto na Lei 11/2021, do 9 de xullo, que modifica o artigo 7 da Lei 7/2012 de 29 de outubro, polo que deberá acreditarse o seu pago mediante o cargo na conta bancaria correspondente, pasando o límite de 2.500 € a 1 000 €, polo que a entidade deberá ter presente esta modificación aos efectos do cumprimento da lexislación vixente en materia de pagos en efectivo.
- No caso do que o pagamento non poida facerse por medios electrónicos, deberá aparecer conxuntamente as seguintes indicacións:
 1. "pagado" ou "recibín",
 2. data do pago
 3. firma e identificación da mesma (DNI ou nome completo de que asina)
 4. Selo da empresa.





6. No caso de gastos imputables á actividade, como nóminas ou porcentaxes de facturas, deberán acompañarse estas de informe onde se certifique e se explique a porcentaxe aplicable á actividade.

7. Anexo IV- Relación de facturas/gastos para xustificar subvencións doutras Administracións Públicas, seguindo as seguintes instrucións:


- A xustificación doutras subvencións públicas realizarase a través da presentación do Anexo IV, presentando un anexo por cada organismo público do que se teña concedida axuda/subvención.
- De non ter presentada a documentación xustificativa noutros organismos públicos, achegarase igualmente o citado Anexo IV coa relación de facturas afectadas ás citadas subvencións (cumprindo o establecidos nos puntos 4, 5 e 6) ou indicación de que a actividade non está realizada.

8. Anexo V- Balance de ingresos e gastos reais ou realizados. No caso de poderse presentar o balance antes da conclusión da actividade deberá presentarse Avance do balance de ingresos e gastos realizados ata o momento de presentación da xustificación .

9. Anexo VI- Declaración responsable ou certificados de atoparse ao corrente coas obrigas tributarias e coa seguridade social. (Certificados da AEAT, Consellería de Facenda e Seguridade Social). Os certificados deberán ter unha validez suficiente para a tramitación do expediente.

Segundo o artigo 11. h) e i) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, (Regulamento da Lei de subvencións de Galicia), unha declaración responsable do cumprimento das obrigas tributarias e coa seguridade social substituirá aos certificados sinalados anteriormente nas subvencións para gastos correntes (capítulo IV) e naquelas subvencións para gastos de capital (capítulo VII) nas que a cantidade a outorgar a cada beneficiario non supera os 3 000 €, sempre que os destinatarios das subvencións sexan familias ou institucións sen fins de lucro. Neste caso presentarse o anexo VI.

10. Certificación bancaria do número de conta.





11. Fotocopia DNI do/da representante da entidade.

12. Fotocopia do NIF da entidade.

13. Certificación expedida polo secretario/a da entidade solicitante, de que a persoa que asina a solicitude é a representante legal da entidade ou documento de nomeamento da mesma.

14. Unha vez finalizado o exercicio, a documentación económica correspondente á totalidade da actividade deberá estar a disposición dos órganos do Concello que precisen realizar labores de comprobación e/ou fiscalización.

Cláusula X- Forma de presentación da documentación no rexistro electrónico do Concello


A confección de toda a documentación realizarase a través da **Plataforma de xestión de subvencións** na dirección <https://vilagarcia.cluber.es> no que terán a súa disposición **os balances, a conta xustificativa e os anexos dos modelos normalizados** e, na que obrigatoriamente deberán subir toda a documentación. Unha vez validada, **xerará un PDF final en formato oficial, que deberá ser asinado dixitalmente polo representante legal da entidade beneficiaria e rexistrarse na Sede electrónica do Concello de Vilagarcía de Arousa.**

Tendo en conta que o rexistro electrónico do Concello non admite arquivos que superen na súa totalidade os 10 Mb ou non admite determinados formatos, deberase cumprir as seguintes normas de presentación:

- Un pdf que conteña un índice de toda a documentación presentada
- Un pdf por cada anexo.
- Un pdf cos certificados de estar ao corrente coas distintas administracións públicas, no caso que corresponda.
- Un pdf coa documentación que se esixe nos puntos 10 a 13 da cláusula IX do presente convenio e na mesma orde en que se pide.
- Un pdf coa listaxe de facturas (Anexo III)



Verónica Quintas



- Un pdf coas facturas e xustificantes de pago do Anexo III coas correspondentes facturas e os seus xustificantes de pago ordenados do mesmo xeito que aparecen no anexo III e sempre primeiro a factura e seguidamente o seu correspondente xustificante de pago. (exemplo: factura 1 da relación, xustificante da factura 1 da relación, factura 2 da relación, xustificante da factura 2 da relación...etc.).

-Un pdf coa listaxe de facturas entregadas ou que se teñan que entregar noutras Administracións públicas (Anexo IV) e nos casos que proceda deberá vir acompañado coas correspondentes facturas e os seus xustificantes de pago ordenados do mesmo xeito que aparecen no anexo e sempre primeiro a factura e seguidamente o xustificante de pago. (exemplo: factura 1 da relación, xustificante da factura 1 da relación, factura 2 da relación, xustificante da factura 2 da relación...etc.).

-Calquera outro documento que se queira agregar deberá vir de xeito independente. (PE: informe xustificativo de imputación de gastos de nóminas...etc.)

Toda a documentación deberá vir asinada electronicamente polo representante legal da entidade.

Os distintos arquivos deberán ter unha denominación acorde co contido do documento que permita a súa localización e a súa identificación.

No caso de que a documentación presentada supere os 10 Mb deberá realizar tantos rexistros electrónicos como sexan necesarios para presentar a documentación, indicando nos sucesivos rexistros o número do primeiro rexistro e numerando en función do número de rexistros do seguinte xeito: Por exemplo no caso de que sexan necesarios 4 rexistros: 1/4, 2/4, 3/4 e 4/4.

O incumprimento por parte do beneficiario destas normas de presentación será causa de devolución da documentación para emendar.

Cláusula XI- O beneficiario queda obrigado a reflectir, en toda a publicidade que utilice para a difusión da actividade así como na súa páxina web ou redes sociais, a constancia da colaboración económica do Concello.

Cláusula XII- A lingua que se empregará nos distintos soportes de difusión da actividade, será o galego dentro do ámbito territorial de Galicia.

[Handwritten signature and scribbles in blue ink on the left margin]



Cláusula XIII- O beneficiario poderá ser requirido polos distintos departamentos do Concello para a presentación de calquera outra documentación que sexa necesaria.

Cláusula XIV- CAUSAS DE REINTEGRO-

Procederá o reintegro da subvención sempre que se dean calquera das circunstancias que se establecen nos artigos 32 e seguintes da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia ou nos artigos 36 e seguintes da Lei 38/2003, xeral de subvencións.

Cláusula ADICIONAL INFORMATIVA- :

1. Deberá xustificarse o 100% do importe subvencionado para a percepción íntegra da subvención, unha menor xustificación dará lugar a un recoñecemento proporcional da axuda comprometida.

Nestes termos queda redactado o presente convenio, no contido do cal as partes intervinientes afirmanse e ratifican, asinándoo, por duplicado e a un só efecto, na data no encabezamento expresada.

Vilagarcía de Arousa a 20 de outubro de 2022.

O Alcalde-Presidente

A Presidenta da Asoc. Protectora de animais de Vilagarcía



Asdo.:Alberto Varela Paz

Asdo.:M^a de los Ángeles Cifuentes Maneiro